da artesanía e, ao mesmo tempo, incrementar a súa profesionalización e competitividade, de xeito que se aposte por un sector forte e perdurable no tempo e por unha actividade económica xeradora de emprego vencellada ao territorio.

TERCEIRO.- O capítulo I recolle unha serie de disposicións xerais, como son o obxecto e fins da lei, o seu ámbito de aplicación e varios conceptos.

No capítulo II contémplase a ordenación e regulación do sector artesanal galego.

O capítulo III refírese á Marca Artesanía de Galicia.

O capítulo IV adícase á Comisión Galega de Artesanía e ó Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

Por último, no capítulo V faise referencia, nun só artigo, á Fundación Pública Artesanía de Galicia.

CUARTO.- O artigo 42.7 da LOFAXGA, incardinado no Capítulo II, referido ao procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral, establece:

QUINTO.- Aínda que nesta lei non se regula directamente ningún procedemento administrativo, si que se establece que se realizarán de acordo co procedemento establecido regulamentariamente os seguintes recoñecementos administrativos:

-O recoñecemento oficial da condición de persoa artesá (artigo 6.1).

-O recoñecemento oficial da condición de obradoiro artesán (artigo 7.1).

-O recoñecemento oficial da condición de mestra artesá e mestre artesán (artigo 8.1).

CVE: VZsFphg3H0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

-O recoñecemento oficial da condición de asociación e federación profesional e empresarial artesanal (artigo 9.1).

-O recoñecemento de puntos de especial interese artesanal (artigo 10.3).

Cómpre salientar que as disposicións regulamentarias posteriores que recollan os devanditos procedementos administrativos deberán someterse durante a súa tramitación ao informe favorable desta dirección xeral.

Igualmente, isto é de aplicación en relación co sinalado no artigo 13.5: "Os procedementos de inscrición, baixa ou modificación no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia así como a organización das seccións das que conste serán obxecto de desenvolvemento regulamentario".

SEXTO.- En relación coa regulación que se fai no artigo 12 da Comisión Galega de Artesanía, cómpre sinalar que aínda que o devandito órgano xa fóra creado pola Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia, cando se publique a lei que se está a informar e en consecuencia se derrogue a lei 1/1992, do 11 de marzo, calquera cambio que se produza na súa composición ou nas normas que o rexen deberán ser obxecto de publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, para darlle cumprimento ao disposto no artigo 7 a) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, sen prexuízo do disposto nos apartados quinto e sexto, emite **INFORME FAVORABLE** ao anteproxecto de lei de Artesanía de Galicia.

Santiago de Compostela

O director xeral de Avaliación e Reforma Administrativa

Jesús Oitavén Barcala

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

CVE: VZsFphg3H0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA

Sistema Único de Rexistro

Xustificante de envío Nº: 2021/2028496

De: Consellería de Facenda e Administración Pública
A12009366 - Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa

Número: 2021/2028496

Data envío: 29/10/2021 14:46:13

Para: Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
A12017370 - Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Empresa e Innovación

Información do envío

Asunto: REMISIÓN INFORME DXARA SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE ARTESANÍA DE GALICIA

Documentación achegada

(*) Algoritmo para o resumo electrónico dos arquivos: SHA1

Nome do arquivo	Descrición	Validez	Resumo electrónico do arquivo (*)
Informe_Lei_Artesania_Galicia_asinado.pdf		Orixinal	a81e4c327e6b96317dcdc2e07511a4ddc74722c7

CVE-REXEL: XGREX-b01183f2-7e0c-3c48-b2e0-a95e47b33160
Asinado por: SISTEMA UNICO DE REXISTRO DA XUNTA DE GALICIA
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve
Data e Hora: 29/10/2021 14.46.18

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 21·22

Vicepresidencia Segunda e Consellería de
Economía Empresa e Innovación
Secretaría Xeral Técnica
Edificio administrativo de San Caetano s/n, Bloque 5
15781, Santiago de Compostela

Asunto: Envío de informe de impacto de xénero 2021/124

Achégolle o informe de impacto de xénero relativo ao anteproxecto de Lei de artesanía de Galicia.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

A xefa de servizo de Apoio

Técnico-Administrativo

Rosa Ana Martínez Fernández

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 545 371
xestion-contable.igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal

CVE: OINvn8pOy8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 21·22

INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO AO ANTEPROXECTO DE LEI DE ARTESANÍA DE GALICIA

Solicitante: Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. Secretaría Xeral Técnica

Expediente: 2021/0124

FEITOS

A Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, solicítalle a esta Secretaría Xeral que emita informe de impacto de xénero relativo ao anteproxecto de Lei de artesania de Galicia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 PERTINENCIA DO INFORME

I Segundo o disposto no artigo 7 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (en diante, Decreto lexislativo 2/2015) "Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade. Se non se acompaña ou se se trata dunha proposición de lei presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditaminará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso".

II O anteproxecto ten como obxecto e fin a ordenación, promoción, fomento, modernización e profesionalización do sector artesanal na Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de promover o desenvolvemento da artesanía como actividade económica sostible, garantir a protección das súas diversas manifestacións e manter canles de cooperación e colaboración entre o sector artesanal galego e a Administración autonómica de Galicia.

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 545 371
xestion-contable.igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal

CVE: 46Py8TUaJ8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Segundo recolle a exposición de motivos no parágrafo terceiro "xurde a necesidade de adecuar esta regulación, á nova realidade do sector artesanal, nun marco xurídico axeitado que manteña e promova a súa importancia social, cultural, identitaria e económica e que incremente a súa profesionalización e competitividade, apostando por un sector forte e perdurable no tempo." A exposición de motivos destaca, asemade, que a actividade artesá "transmite uns valores e contidos culturais arraigados na sociedade e que debemos apreciar e estimular".

Igualmente, compre destacar desta exposición de motivos a información de que estase ante un sector no que se están a producir novas incorporacións de profesionais "ás actividades artesanais xerando un emprego especializado e converténdose nun dos maiores sectores catalizadores de emprendedores e, moi especialmente, de emprendedoras, ademais dun factor importante no asentamento e desenvolvemento da poboación en zonas rurais."

III. Non existindo estatísticas públicas sobre as persoas que emprenden neste ámbito, procedese a recoller as estatísticas do Ministerio de Traballo sobre persoas traballadoras autónomas. Estatísticas do 4 trimestre do ano 2020 e do 3 trimestre do ano 2021 que permiten establecer o seguinte perfil de emprendedores e emprendedoras na comunidade autónoma :

ACTIVIDADE[1]	**ANO 2020**	**ANO 2021**
Servizos	84,741	85,818
Agricultura	26,984	25,863
Construcción	16,059	16,471
Industria	5,856	5,879
SITUACIÓN PROFESIONAL	**ANO 2020**	**ANO 2021**
Sin asalariado	106,849	105,883
Con asalariado	26,791	28,148
Sin pluriactividade	126,241	125,977
Con pluriactividade	7,219	8,054
SEXO	**ANO 2020**	**ANO 2021**
home	77,668	78,097

1Aínda que deberían desbotarse a actividade de Agricultura e Construción, isto non é posible dado que o resto dos datos sobre situación profesional, sexo, idade e antigüidade no negocio están referenciados ao total de persoas traballadoras autónomas polo que a súa eliminación desvirtuaría o resto dos datos.

CVE: 46Py8TUaJ8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Muller	55,972	55,934
IDADE	**ANO 2020**	**ANO 2021**
De 40 a 54 anos	61,581	61,556
De 55 ou mais anos	42,759	43,460
De 25 a 39 anos	27,721	27,323
Menores de 25 anos	1,579	1,692
ANTIGÜIDADE NO NEGOCIO	**ANO 2020**	**ANO 2021**
5 ou mais anos	84,694	84,857
3 a 5 anos	13,417	14,595
1 a 3 anos	21,700	20,004
6 a 11 meses	5,967	6,393
Menos de 6 meses	7,862	8,182

En resumo, o perfil tipo no ano 2021 en Galicia é unha persoa do sector servizos, sen persoal asalariado, home nun 58,3 % dos casos, maior de corenta anos, con cinco ou mais anos de actividade. Pero da información tamén observase que mentres que o perfil masculino ten unha tendencia á alza, o feminino o ten unha tendencia a baixa.

VI Son de especial relevancia para este informe as definicións que o proxecto de lei fai do que é artesanía ,de persoa artesá ou de establecemento de venda no artigo 3. Destas definicións observase que o característico da actividade é su carácter de actividade económica, para a realización ou reparación de bens de valor artístico e/ou consumo e que a persoa que participe na actividade sexa determinante para a obtención dun produto final e que existe unha comercialización.

VII Atendendo ao contido desta disposición, este informe estará centrado na identificación das actuacións necesarias para garantir a efectiva integración da perspectiva de xénero neste proxecto de lei, a integración da perspectiva de xénero na actividade estatística, a composición equilibrado dos órganos colexiados e a utilización dunha linguaxe non sexista.

2 INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO

I A necesidade de incorporar a perspectiva de xénero en todas as políticas públicas queda xa patente no Tratado da Comunidade Europea (TCE), que recoñece a igualdade entre mulleres e homes como un dereito de alcance transversal a todo o ordenamento e políticas da Comunidade Europea (artigos 2 e 3) e considera como misión da Comunidade a consecución da igualdade de xénero: "A unión combaterá a exclusión social e a

CVE: 46Py8TUaJ8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

discriminación e fomentará a (...) igualdade entre mulleres e homes (...)". Esta previsión dá maior alcance ao principio de transversalidade e obriga a introducilo en todas as políticas públicas, o que comprende todos os ámbitos de actuación, segundo o recollido na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, que tamén establece que a igualdade entre mulleres e homes ten que garantirse en todos os ámbitos (art. 23).

II No ámbito estatal, a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, non traballa especificamente a perspectiva da igualdade no comercio, en todo caso no seu artigo 42 prevé que as políticas de emprego terán como un dos seus obxectivos prioritarios aumentar a participación das mulleres no mercado de traballo e avanzar na igualdade efectiva entre mulleres e homes. Para isto, mellorarase a empregabilidade e a permanencia no emprego das mulleres, potenciando o seu nivel formativo e a súa adaptabilidade aos requirimentos do mercado de traballo.

III A nivel autonómico a protección do emprendemento feminino está recollido no artigo 31 do Decreto lexislativo 2/20215, do 12 de febreiro, e permite a realización de actuacións de discriminación positiva dirixidas á equiparación de ambos sexos. En canto ao comercio está relacionado a programación cos plans de programación do tempo na cidade, é dicir, está enfocado mais cara as persoas usuarias e consumidoras que as persoas traballadoras. Polo que fai as políticas de emprego e a perspectiva de xénero que debe tomar está recollido, no Título I, Capítulo V.

IV Tanto a nivel estatal como autonómico a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (artigos 14 e 15) e o Decreto lexislativo 2/2015 Capítulo I, do Título I), reiteran o mandato de transversalidade do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes.

En virtude deste mandato de presenza transversal de loita contra as desigualdades, débese procurar que todas as normas emitidas, na medida do posible e se o obxecto da materia o fai procedente, inclúan explicitamente a incorporación da perspectiva de xénero.

O proxecto de lei indica claramente que o que se pretende impulsar é a profesionalización do sector e a súa ordenación. Por isto este apartado será enfocado na necesidade da xeración de traballo autónomo nun desenvolvemento da actividade postpandemia, na que a sociedade demanda unha actividade ecosostible e faise

CVE: 46Py8TUaJ8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

necesaria a difusión da actividade ou servizo en plataformas dixitais, para o que se tomarán os datos mais actualizados posible da situación a nivel global.

V No traballo A ARTESANÍA EN GALICIA: EVOLUCIÓN SOCIOHISTÓRICA DA PROFESIÓN E DOS HÁBITOS DE CONSUMO de Lucía Vázquez Castro. Traballo do fin de master de Socioloxía Aplicada, Investigación Social e de Mercado da USC, curso 2019-20 destacase que a artesanía na actualidade é unha profesión emerxente a causa dun cambio na actitude da sociedade cara un consumo máis tolerante co medio ambiente, de xeito que "A artesanía aporta á sociedade emprego e ingresos, pero ao mesmo tempo transmite a tradición cultural de cada rexión impedindo que esta se extinga. o mundo do deseño está reavaliando as perspectivas sensoriais e sociais como forma de comercio, y en nisto a artesanía ten un papel protagonista. " A autora destaca que a artesanía entra dentro da chamada economía creativa por tratarse de profesións que comparten a característica de que as súas actividades van máis aló da funcionalidade dos bens, destacando a súa propiedade intelectual e porque non estase a producir masivamente. O traballo recolle datos do informe *Cómo proteger a la artesanía. Patentes, marcas y diseños industriales* (OEPM Y Fundesarte, 2016) , segundo o cal a pesar da contracción do consumo este sector está a xerar ingresos por causa da concienciación cidadá sobre o consumo responsable e eco sostible ao que artesanía parece adaptarse correctamente. Porén a pandemia do COVID-19 deu lugar a unha serie de problemáticas que teñen que ver coa necesidade de darlle visibilidade aos produtos artesáns e ás persoas que os crean e producen. Durante a pandemia moitas destas persoas debido a confinamento social e por realizar un comercio presencial sofreron grandes perdas, e o acceso as plataformas dixitais non foi en todos os casos un proceso economicamente viable, polas condicións que estas mesmas plataformas dixitais establecen nos seus contratos para as persoas traballadoras e as empresas que as precisan. O sistema de algoritmos a día de hoxe presenta nesgos que compre ir eliminando.

Aínda que non é obxecto da lei compre recordar que en materia de xestión da variable de xénero que melloran con carácter xeral a profesionalización de calquera sector, incluído o artesanal, destacan a necesidade de inversión en infraestruturas asistenciais sólidas, capacitar economicamente ás mulleres, e a loita contra as condiciones precarias nos termos previstos no Decreto lexislativo 2/2015.

VI En relación ao proxecto de lei compre destacar dous informes da OIT en relación a situación de cambio climático e en relación ás perspectivas sociais e do emprego no mundo, polo análise que fan do impacto de xénero a nivel global en relación a protección do medio ambiente (que é o lugar no que preferentemente adoitan instalarse

CVE: 46Py8TUaJ8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

este tipo de actividades) e a necesidade de difundir o traballo artesanal en condicións de igualdade as actividades comerciais de produtos de acabado industrial e con produción globalizada .

A. O Documento MODOS DE FINANCIAR UNHA RECUPERACIÓN DA CRISE DA COVID-19 CENTRADA NAS PERSOAS E UNHA ACCIÓN DECISIVA CONTA O CAMBIO CLIMÁTICO NO MUNDO. O MOMENTO DA VERDADE DA COOPERACIÓN INTERNACIONAL NO SÉCULO XXI de Outubro de 2021, elaborado por Richard Samans indica:

" A crise ameaza con poñer en perigo os avances en materia de igualdade de xénero, xa que as mulleres teñen sofrido moitas máis perdas de emprego, a la vez que tense incrementado o seu tempo de traballo non remunerado. Se ben é certo que a perturbación dos mercados laborais está tendo consecuencias devastadoras tanto para os homes como para as mulleres , o emprego femenino reduciuse nun 5 por cento en 2020, fronte a un 3,9 por cento no caso dos homes. Ademais, o 90 por cento das mulleres que perderon o seu su emprego en 2020 abandonaron a forza de traballo, o que leva a supor que a súa vida laboral vai verse interrompida durante un período prolongado, a menos que sexan adoptadas medidas adecuadas. Unha cuestión transversal, que repercute nas mulleres de tódolos países, sectores, ocupacións e tipos de emprego, é que a carga que representa o feito de que intensificaran as actividades de coidado de nenos e nenas e educación e no fogar recaera moito mais nelas, o cal provocou un aumento do tempo de traballo non remunerado para as mulleres que reforza os roles de xénero tradicionais. Así mesmo, as mulleres solen traballar en ocupacións de primeira liña, como coidadoras ou dependentas de tendas de alimentación, enfrontándose a elevados riscos para a saúde e a malas condicións de traballo. Os retrocesos na igualdade de xénero son especialmente preocupantes naquelas rexións onde as brechas de xénero xa eran moi acusadas antes da crise."

"... A velocidade e a sostibilidade da recuperación dependen de que se reforcen os elementos clave do progreso económico e social que gozan dun amplo consenso: acceso a oportunidades de emprego e formación; maior protección social e laboral; afondar noutros marcos institucionais públicos que permitan un crecemento máis inclusivo e dinámico; aumento da inversión na economía real; .... "

B. O informe da OIT PERSPECTIVAS SOCIAS E DO EMPREGO NO MUNDO. O PAPEL DAS PLATAFORMAS DIXITAIS NA TRANSFORMACIÓN DO MUNDO DO TRABALLO, con datos deste ano 2021, centrado na venda e difusión nas plataformas dixitais, recolle numerosos datos interesantes entre os que este informe deterase, de acordo coa finalidade da norma nos datos relativos as empresas tradicionais, e nos aspectos da

CVE: 46Py8TUaJ8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

segregación ocupacional das tarefas propia das plataformas dixitais e as dificultades que isto supón para sectores minoritarios.

- En relación ás empresas tradicionais e o uso das plataformas de traballo localizado:

" As Pemes, en particular, beneficiáronse das plataformas de traballo localizado. Moitas empresas tradicionais, especialmente as pemes, empezaron a utilizar plataformas de traballo localizado, e sobre todo nos sectores da restauración e no comercio retallista. Estes negocios dependen cada vez máis das plataformas dixitais de traballo como forma de facer fronte a unha maior competencia e a necesidade de ampliar a súa base de clientes, así como para seguilo ritmo dun mercado en transformación e responder ás preferencias das persoas consumidoras. Moitos restaurantes dependen en gran medida das plataformas de reparto, especialmente desde o inicio da pandemia de COVID-19, para mellorala súa visibilidade entre as persoas consumidoras e ampliar a súa cota de mercado, así como para mellorar a súa produtividade, eficiencia e rendibilidade. "

En relación á motivación do uso das plataformas dixitais por parte das persoas destacase que "A preferencia ou necesidade de traballar desde a casa ou a flexibilidade laboral é especiamente significativa para as mulleres, tanto nos países en desenvolvemento como nos desenvolvidos. Nas plataformas de traballo localizado, os principais factores de motivación (para desenvolver o traballo) son a falta de oportunidades de emprego alternativas, a flexibilidade laboral e a maior remuneración en comparación con outros empregos dispoñibles."

O traballo nas plataformas dixitais é a principal fonte de ingresos de moitas persoas " Aproximadamente un terzo das persoas traballadoras das plataformas de traballo en liña sinalaron que as súas actividades na plataforma era a súa principal fonte de ingresos, unha proporción que aumentaba no caso dos países en desenvolvemento e das mulleres."

- En relación á segregación ocupacional das tarefas:

"Os resultados das enquisas indican que a maioría das persoas traballadoras das plataformas dixitais de traballo son homes cun alto nivel de estudos.

Os resultados das enquisas da OIT sobre as persoas traballadoras das plataformas de traballo en liña e localizado (VTC/taxi e reparto) amosan que a meirande parte das persoas traballadoras destas plataformas son menores de 35 anos cun alto nivel de estudos, en particular nos países en desenvolvemento. Aínda que as mulleres atopan traballo nestas plataformas dixitais, só representan catro de cada dez traballadores nas plataformas de traballo en liña e un de cada dez traballadores nas de traballo

CVE: 46Py8TUaJ8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

localizado. Nalgúns países, as plataformas de reparto a través de aplicacións son unha importante fonte de oportunidades de traballo para os inmigrantes.

A segregación ocupacional das tarefas por motivos de xénero é habitual nas plataformas de traballadores por conta propia. As mulleres son mais propensas que os homes a realizar servizos profesionais (como servizos xurídicos, tradución, redacción e edición), e tarefas relacionadas con servizos empresariais ou vendas e marketing. Poucas mulleres declararon realizar tarefas relacionadas coa tecnoloxía e a análise de datos."

O documento resalta igualmente que " nas plataformas de traballadores autónomos, os principais factores de motivación son a preferencia ou necesidade de traballar desde casa e de gozar de flexibilidade laboral"

Os textos da OIT propoñen prestar atención a igualdade de xénero e asumir unha xestión centrada nas persoas, e especialmente para aquelas mulleres novas que o precisan , abrir o uso das plataformas dixitais e fomentar unha legalidade que estea dirixida a protección das persoas traballadoras e empresas que nelas presentan o seu traballo.

A vista destas tendencias, que coinciden basicamente cos datos, que sobre o perfil das persoas traballadoras autónomas, achega o Ministerio de Traballo, en relación á Comunidade Autónoma de Galicia, recoméndase que o texto recolla unha cláusula xeral que indique que na execución, aplicación e desenvolvemento regulamentario teranse en conta as consideracións mais actualizadas ,que en materia de perspectiva de xénero, existan en relación ao sector da artesanía ou do traballo autónomo.

3 INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA ACTIVIDADE ESTATÍSTICA

A integración da perspectiva de xénero na actividade estatística está prevista legalmente, tanto a nivel estatal como autonómico.

I A nivel estatal, o artigo 20 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

II A nivel autonómico, a integración da perspectiva de xénero na actividade estatística do sector público galego regúlase expresamente no artigo 9 do Decreto lexislativo 2/2015 .Na Lei 15/2016, do 28 de xullo, pola que se aproba o Plan Galego de Estatística 2017-2021, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, no artigo 21.

CVE: 46Py8TUaJ8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

III En virtude dos citados mandatos legais, suxírese que se revise a redacción do artigo 13 para engadir un novo apartado que indique que á hora de recompilar todos os datos relativos a ordenación da artesanía, así como outros datos que sexan recollidos para o desenvolvemento legal e que poidan ser desagregados por sexo ou que poidan incorporar indicadores por razón de xénero así o fagan.

4 COMPOSICIÓN EQUILIBRADA DOS ÓRGANOS DE DECISIÓN

O artigo 5.2 d) do Decreto lexislativo 2/2015, establece como principio de aplicación do principio de transversalidade "O fomento dunha participación equilibrada das mulleres e homes na toma de decisións e a elaboración de estratexias para o empoderamento das mulleres".

No mesmo sentido, o artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e que consonte á disposición derradeira primeira constitúe regulación das condicións básicas que garanten a igualdade de todas as persoas no exercicio dos dereitos constitucionais, establece que "...os poderes públicos procurarán atender o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes nos nomeamentos e designación dos cargos de responsabilidade que lles correspondan".

O Capítulo IV do texto crea a Comisión Galega de Artesanía como órgano de carácter consultivo da Administración autonómica en materia de artesanía, así como de participación e de representación do sector artesanal da comunidade autónoma. No artigo 12.3 recóllese que a composición da mesma será paritaria, e que é obxecto dunha valoración positiva ao desenvolver directamente os artigos anteriores.

Porén a Fundación Pública Artesanía de Galicia que ten a finalidade de dotar ao sector artesanal dunha infraestrutura especializada para que poida desenvolver programas de asistencia, formación, innovación, comercialización e calquera outro aspecto inherente á cultura dos oficios, que tamén se crea no proxecto de lei no Capítulo V, non fai referencia a esa necesidade de presenza equilibrada de mulleres e homes nos nomeamentos e designación dos cargos de responsabilidade da dita fundación, o que debe ser indicado no texto legal, pois tanto a formación, como a necesidade de que a Administración pública de Galicia promovan unha imaxe igualitaria e non sexista así o require. (Capítulos III e IV do Título I do Decreto lexislativo 2/2015)

5 UTILIZACIÓN DUNHA LINGUAXE NORMATIVA NON SEXISTA

CVE: 46Py8TUaJ8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Os artigos 11 e 12 do Decreto lexislativo 2/2015 e a alínea 11 do artigo 14 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, determinan a utilización institucional dunha linguaxe non sexista.

No texto obxecto de informe, obsérvase en xeral un respecto xeral no uso da linguaxe non sexista, sendo só necesario efectuar as seguintes observacións :

Nos seguintes casos emprégase o masculino con carácter exclusivo, creando o efecto de invisibilización do feminino. Para estes casos, proponse empregar fórmulas neutras, comprensivas do masculino e do feminino:

- Na exposición de motivos recóllese "os españois" , "a artesanía galega son os nosos artesáns e artesás, creadores...e transmisores", recomendándose "os e as españois" e "a artesanía galega son os nosos artesáns e artesás, que crean prezas únicas e transmiten oficios e valores artesanais...".

- No artigo 12 fálase de "os representantes" podéndose dicir "Quen representa a...".

De acordo con todo o sinalado, INFORMO:

Que o proxecto de lei analizado ten marxe de mellora no ámbito da incorporación da perspectiva de xénero no seu desenvolvemento e respecto a actividade estatística e a recompilación dos datos relativos ao Rexistro desagregados por sexo.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

A xefa de servizo de Apoio Técnico-Administrativo

Rosa Ana Martínez Fernández

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

CVE: 46Py8TUaJ8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA

Sistema Único de Rexistro

Xustificante de envío Nº: 2021/2124151

De: Consellería de Emprego e Igualdade
A12X00961 - Servizo de Apoio Técnico-Administrativo

Número: 2021/2124151

Data envío: 15/11/2021 10:13:35

Para: Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
A12017370 - Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Empresa e Innovación

Información do envío

Asunto: INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO AO ANTEPROXECTO DE LEI DE ARTESANÍA DE GALICIA.

Documentación achegada

(*) Algoritmo para o resumo electrónico dos arquivos: SHA1

Nome do arquivo	Descrición	Validez	Resumo electrónico do arquivo (*)
Oficio_124_21.pdf		Orixinal	369a9d1a6421589267bc84d1d868463a81ad0969
Informe_124_21.pdf		Orixinal	972a684efdfd0620e94d84e0843eb6cd7f65c89b

CVE-REXEL: XGREX-2870aa61-46a3-3f5c-a746-3241457836f5
Asinado por: SISTEMA UNICO DE REXISTRO DA XUNTA DE GALICIA
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve
Data e Hora: 15/11/2021 10.13.49

OBSERVACIÓNS Á ANÁLISE DE IMPACTO DEMOGRÁFICO DO ANTEPROXECTO DA LEI DE ARTESANÍA DE GALICIA

Solicitante: VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

Expediente: 2021/28

FEITOS

O Servizo de Calidade e Apoio Normativo da Vicepresidencia e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, remite o día 22 de outubro de 2021 a esta Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social o anteproxecto da Lei de Artesanía de Galicia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1.PERTINENCIA DA ANÁLISE DE IMPACTO DEMOGRÁFICO.

Segundo o disposto no artigo 8.1 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, nos procedementos de elaboración de proxectos de lei e decretos, así como de documentos de planificación sectorial que tramite a Administración autonómica, deberá darse traslado do texto proxectado, xunto cunha análise do seu impacto demográfico, ao órgano de dirección con competencias en materia de dinamización demográfica, concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a formulación, se é o caso, das observacións que considere procedentes nesta materia.

Así mesmo, o apartado 9º do artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, engadido pola Disposición Derradeira Segunda da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, establece que todos os proxectos de decreto serán remitidos, xunto cunha análise do seu impacto demográfico, ao órgano de dirección competente en materia de dinamización demográfica, para os efectos previstos no artigo 8 da Lei de impulso demográfico de Galicia.

DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA
E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA
Complexo San Caetano – Edificio 8 B
T. +34 981 544 655
dxfamiilia.politicasocial@xunta.gal
www.xunta.gal

CVE: bV6FD0lsQ8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Por outra banda, o Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social , recolle no seu artigo 13.1 c, que lle corresponde á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica , como órgano de dirección da consellería, a función de exercer as políticas destinadas a favorecer e impulsar o crecemento demográfico, a renovación xeracional e a reverter o envellecemento poboacional.

2. OBSERVACIÓNS EN CANTO A AVALIACIÓN DO IMPACTO DEMOGRÁFICO.

O artigo 3 e) da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, define o impacto demográfico como a identificación e valoración dos diferentes efectos e resultados dunha norma ou dunha política pública no comportamento da poboación, co obxecto de neutralizar posibles efectos que dificulten ou impidan o impulso demográfico, definindo este no apartado c) como o conxunto de medidas dirixidas ao desenvolvemento sustentable e ao logro do equilibrio territorial e social, de modo que se creen contornos favorables para o asentamento da poboación, o desenvolvemento saudable e o benestar da infancia e unha libre realización dos proxectos vitais que permita cumprir as expectativas e os desexos da poboación de poder formar unha familia e aproxime a fecundidade á media da Unión Europea, que promova o envellecemento activo e saudable e que facilite o retorno das galegas e dos galegos residentes no exterior e a atracción de nova poboación ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

A avaliación de impacto demográfico que se remite contempla que a acción avaliada é neutra dende o punto de vista do impulso demográfico.

Unha vez examinados o anteproxecto de lei e a avaliación de impacto demográfico, non hai obxeccións dende o punto de vista do impulso demográfico e valórase positivamente a súa incidencia no ámbito familiar, porque contribúe a reforzar as relacións interxeracionais e a superación de estereotipos de xénero.

Tamén se considera, que tal como ven recollido no eixo 2 da avaliación de impacto demográfico, favorece e promociona as vantaxes de vivir no rural e as oportunidades de emprego existentes, así como que impulsa estratexias de dinamización demográfica e o establecemento de artesáns en pequenas localidades.

Outro dos aspectos que a normativa pon en valor, en relación co territorio, é a cultura tradicional así como as medidas encamiñadas a reforzar a identidade da poboación galega.

Tamén ten especial importancia a figura de "zona de especial interese artesanal", que aparece recollido no artigo 10 da lei, que son especialmente favorecedores para

DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA
E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA
Complexo San Caetano – Edificio 8 B
T. +34 981 544 655
dxfamiilia.politicasocial@xunta.gal
www.xunta.gal

CVE: bV6FD0lsQ8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

a promoción e asociación dos territorios no desenvolvemento de actividades artesanais.

O eixo no que ten mais incidencia esta lei, é o que ten que ver coa dinámica económica, xa que no seu artigo 9 establece os beneficios que ten a obtención do recoñecemento oficial de asociación e federación artesanal, entre os que se atopa, a obtención de subvencións así como a posibilidade de participar en eventos de interese artesanal organizados e financiados pola consellería competente en materia de artesanía.

Outra das liñas nas que ten unha clara incidencia, é a de apoio, asesoramento e financiamento de establecementos de artesanía.

A incidencia na formación, na innovación e na transferencia aparece reflectida tanto no fomento e no investimento das empresa no uso das TICS, como nos efectos que produce a Fundación Pública Artesanía de Galicia no desenvolvemento do sector artesanal galego así como na súa aposta pola innovación e polo uso das novas ferramentas tecnolóxicas.

Polo tanto, considérase, que o impacto demográfico da norma é positivo, polas incidencias, tanto no eixo económico, no emprego, na formación, na innovación, na transferencia e incluso no movemento da poboación dentro do territorio.

Santiago de Compostela

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

(documento asinado dixitalmente)

DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA
E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA
Complexo San Caetano – Edificio 8 B
T. +34 981 544 655
dxfamiilia.politicasocial@xunta.gal
www.xunta.gal

CVE: bV6FD0lsQ8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

ANUNCIO do 19 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, da exposición pública do anteproxecto de lei de artesanía de Galicia.

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 7 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aproba o Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación pon á disposición pública o anteproxecto de lei de artesanía de Galicia.

O texto do anteproxecto de lei poderase consultar no portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia, na seguinte ligazón: https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-de-relevancia-xuridica/normativa-en-tramitacion/en-prazo-de-envio-de-suxestions/-/nt/0570/anteproxecto-lei-artesania-galicia

As organizacións, as asociacións e a cidadanía, en xeral, poden facer as proposicións, as suxestións ou as recomendacións que consideren oportunas a este anteproxecto de lei ata o 16 de novembro de 2021.

As referidas proposicións, suxestións ou recomendacións poderán realizarse a través do formulario disposto para este fin na ligazón do portal indicado. Así mesmo, poderán presentarse nas formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2021

Pablo Casal Espido
Secretario xeral técnico da Vicepresidencia
Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

CVE-DOG: sfofaug7-hhv6-ksn5-gik0-r2v18fzu5ks9

Federación Galega de Municipios e Provincias-FEGAMP
Rúa Varsovia 4C, 6º andar - Área Central
15707 Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA
Saída 22686 / RX 1839892
Rexistro Xeral da Xunta de Galicia
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 19/10/2021 15:16:04

ASUNTO: trámite de audiencia

Anteproxecto de Lei de artesanía de Galicia

Trasládase individualizadamente e para o cumprimento do trámite de audiencia, o texto do Anteproxecto de Lei de artesanía de Galicia, o cal, para efectos de transparencia e información pública, consta xa publicado no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia, dende o 19 de outubro de 2021.
Enlace: https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-de-relevancia-xuridica/normativa-en-tramitacion/en-prazo-de-envio-de-suxestions/-/nt/0570/anteproxecto-lei-artesania-galicia

Comunícaselle que dispón dun prazo para presentar alegacións que remata o día 16 de novembro (fin da publicidade na web) ou no prazo de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte ao de recepción desta comunicación, se este prazo rematase despois daquela data.

As alegacións que xa foran remitidas a esta consellería ao amparo dos trámites de transparencia e información pública, xa se entenden presentadas tamén aos actuais efectos, polo que non resulta precisa a súa reiteración.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

Pablo Casal Espido
Secretario xeral técnico
(sinatura electrónica)

Asinado por: CASAL ESPIDO, PABLO
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 19/10/2021 12:59:28

Secretaría Xeral Técnica
Edificio administrativo de San Caetano s/n, Bloque 5
15781 Santiago de Compostela
Tfno: 981 545 532

CVE: IPoAMhiuF6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA
Saída 22685 / RX 1839891
Rexistro Xeral da Xunta de Galicia
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 19/10/2021 15:16:04

Consello Galego de Consumidores e Usuarios
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela

ASUNTO: trámite de audiencia

Anteproxecto de Lei de artesanía de Galicia

Trasládase individualizadamente e para o cumprimento do trámite de audiencia, o texto do Anteproxecto de Lei de artesanía de Galicia, o cal, para efectos de transparencia e información pública, consta xa publicado no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia, dende o 19 de outubro de 2021.
Enlace: https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-de-relevancia-xuridica/normativa-en-tramitacion/en-prazo-de-envio-de-suxestions/-/nt/0570/anteproxecto-lei-artesania-galicia

Comunícaselle que dispón dun prazo para presentar alegacións que remata o día 16 de novembro (fin da publicidade na web) ou no prazo de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte ao de recepción desta comunicación, se este prazo rematase despois daquela data.

As alegacións que xa foran remitidas a esta consellería ao amparo dos trámites de transparencia e información pública, xa se entenden presentadas tamén aos actuais efectos, polo que non resulta precisa a súa reiteración.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

Pablo Casal Espido
Secretario xeral técnico
(sinatura electrónica)

Asinado por: CASAL ESPIDO, PABLO
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 19/10/2021 12:59:27

CVE: 2TMj35aKg3
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Secretaría Xeral Técnica
Edificio administrativo de San Caetano s/n, Bloque 5
15781 Santiago de Compostela
Tfno: 981 545 532

XUNTA DE GALICIA
Saída 22684 / RX 1839890
Rexistro Xeral da Xunta de Galicia
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 19/10/2021 15:16:04

Creativas Galegas
R. da Caldeirería, 38
15703 Santiago de Compostela, A Coruña

ASUNTO: trámite de audiencia

Anteproxecto de Lei de artesanía de Galicia

Trasládase individualizadamente e para o cumprimento do trámite de audiencia, o texto do Anteproxecto de Lei de artesanía de Galicia, o cal, para efectos de transparencia e información pública, consta xa publicado no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia, dende o 19 de outubro de 2021.
Enlace: https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-de-relevancia-xuridica/normativa-en-tramitacion/en-prazo-de-envio-de-suxestions/-/nt/0570/anteproxecto-lei-artesania-galicia

Comunícaselle que dispón dun prazo para presentar alegacións que remata o día 16 de novembro (fin da publicidade na web) ou no prazo de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte ao de recepción desta comunicación, se este prazo rematase despois daquela data.

As alegacións que xa foran remitidas a esta consellería ao amparo dos trámites de transparencia e información pública, xa se entenden presentadas tamén aos actuais efectos, polo que non resulta precisa a súa reiteración.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

Pablo Casal Espido
Secretario xeral técnico
(sinatura electrónica)

Asinado por: CASAL ESPIDO, PABLO
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 19/10/2021 12:59:27

CVE: bmtCtwG856
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Secretaría Xeral Técnica
Edificio administrativo de San Caetano s/n, Bloque 5
15781 Santiago de Compostela
Tfno: 981 545 532

Asociación de Artesáns da Terra Cha
A Veiga, Bonxe
27154 Outeiro de Rei, Lugo

XUNTA DE GALICIA
Saída 22683 / RX 1839882
Rexistro Xeral da Xunta de Galicia
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 19/10/2021 15:14:53

ASUNTO: trámite de audiencia

Anteproxecto de Lei de artesanía de Galicia

Trasládase individualizadamente e para o cumprimento do trámite de audiencia, o texto do Anteproxecto de Lei de artesanía de Galicia, o cal, para efectos de transparencia e información pública, consta xa publicado no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia, dende o 19 de outubro de 2021.
Enlace: https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-de-relevancia-xuridica/normativa-en-tramitacion/en-prazo-de-envio-de-suxestions/-/nt/0570/anteproxecto-lei-artesania-galicia

Comunícaselle que dispón dun prazo para presentar alegacións que remata o día 16 de novembro (fin da publicidade na web) ou no prazo de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte ao de recepción desta comunicación, se este prazo rematase despois daquela data.

As alegacións que xa foran remitidas a esta consellería ao amparo dos trámites de transparencia e información pública, xa se entenden presentadas tamén aos actuais efectos, polo que non resulta precisa a súa reiteración.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

Pablo Casal Espido
Secretario xeral técnico
(sinatura electrónica)

Asinado por: CASAL ESPIDO, PABLO
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 19/10/2021 12:59:28

CVE: FFcUHT1vj7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Secretaría Xeral Técnica
Edificio administrativo de San Caetano s/n, Bloque 5
15781 Santiago de Compostela
Tfno: 981 545 532

Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao"
R/ Toural nº 229, Corme Aldea
15114 Ponteceso, A Coruña

XUNTA DE GALICIA **Saída 22682 / RX 1839881**
Rexistro Xeral da Xunta da Galicia
SANTIAGO DE COMPOSTELA Data 19/10/2021 15:14:53

ASUNTO: trámite de audiencia

Anteproxecto de Lei de artesanía de Galicia

Trasládase individualizadamente e para o cumprimento do trámite de audiencia, o texto do Anteproxecto de Lei de artesanía de Galicia, o cal, para efectos de transparencia e información pública, consta xa publicado no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia, dende o 19 de outubro de 2021.
Enlace: https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-de-relevancia-xuridica/normativa-en-tramitacion/en-prazo-de-envio-de-suxestions/-/nt/0570/anteproxecto-lei-artesania-galicia

Comunícaselle que dispón dun prazo para presentar alegacións que remata o día 16 de novembro (fin da publicidade na web) ou no prazo de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte ao de recepción desta comunicación, se este prazo rematase despois daquela data.

As alegacións que xa foran remitidas a esta consellería ao amparo dos trámites de transparencia e información pública, xa se entenden presentadas tamén aos actuais efectos, polo que non resulta precisa a súa reiteración.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

Pablo Casal Espido
Secretario xeral técnico
(sinatura electrónica)

Asinado por: CASAL ESPIDO, PABLO
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 19/10/2021 12:59:27

CVE: gmBKp6PII7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

AGALCARI (Asociación Galega de Carpintería de Ribeira)
Casa Consistorial – Praza de Galicia, s/n
15930 Boiro, A Coruña

XUNTA DE GALICIA Saída 22681 / RX 1839880
Rexistro Xeral da Xunta de Galicia
SANTIAGO DE COMPOSTELA Data 19/10/2021 15:14:53

ASUNTO: trámite de audiencia

Anteproxecto de Lei de artesanía de Galicia

Trasládase individualizadamente e para o cumprimento do trámite de audiencia, o texto do Anteproxecto de Lei de artesanía de Galicia, o cal, para efectos de transparencia e información pública, consta xa publicado no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia, dende o 19 de outubro de 2021.
Enlace: https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-de-relevancia-xuridica/normativa-en-tramitacion/en-prazo-de-envio-de-suxestions/-/nt/0570/anteproxecto-lei-artesania-galicia

Comunícaselle que dispón dun prazo para presentar alegacións que remata o día 16 de novembro (fin da publicidade na web) ou no prazo de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte ao de recepción desta comunicación, se este prazo rematase despois daquela data.

As alegacións que xa foran remitidas a esta consellería ao amparo dos trámites de transparencia e información pública, xa se entenden presentadas tamén aos actuais efectos, polo que non resulta precisa a súa reiteración.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

Pablo Casal Espido
Secretario xeral técnico
(sinatura electrónica)

Asinado por: CASAL ESPIDO, PABLO
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 19/10/2021 12:59:27

CVE: sOWNRyv588
